



Na sala dos espellos

Liv Strömquist

Tradución de David Á. Álvarez Martínez

978-84-127425-2-7 | Encadernación rústica cosida |
23,5×17×1,5 cm | 172 páxs. | Banda deseñada, ensaio | 22 €
4v0041

acoso dixital, apoderamento, banda deseñada, beleza, cómic,
ensaio gráfico, feminismo, ghosting, identidade dixital,
imaxe, Instagram, Kardashian, Kylie Jenner, likes, onlyfans,
redes sociais, Sissi, tecnoloxías

A que responden as escenificacións de Kylie Jenner, a menor das Kardashian, ante ese espello que é o teléfono móbil? Por que milleiros de persoas viven pendentes do seu Instagram? Que pasou neses tres días en que Marilyn Monroe foi fotografada constantemente no hotel Bel Air? Por que a emperatriz austríaca Sissi tiña unha sala dos espellos? Que lle di o espelliño á madrasta de Brancaneves? E por que deberíamos dicir «nai» e non «madrasta»?

Mordaz e intelixente, Strömquist reflexiona nesta banda deseñada sobre até que punto a ditadura da imaxe e do espello (en todas as súas formas) minou o modo como nos relacionamos co noso corpo e, en especial, cos corpos das mulleres. Igual ca n' *A froita do coñecemento*, Strömquist ofrécenos *Na sala dos espellos* unha maridaxe perfecta de referentes históricos e da cultura pop co apoio teórico de grandes figuras do pensamento como Susan Sontag ou Byung Chul-Han.

Acaso o *smartphone* non é unha nova versión do espello da madrasta?





Liv Strömquist

Liv Strömquist, nada en 1978 en Lund (Suecia), é unha das autoras de banda deseñada feminista máis influentes da escena internacional. Licenciada en Ciencias Políticas, traballa na radio e colabora como ilustradora para diferentes revistas e xornais do seu país. Como activista (sobre todo nos eidos do feminismo e das políticas de asilo), Liv emprega o cómic para elaborar ensaios gráficos sobre diferentes temáticas sociais que aborda cunha documentación minuciosa, con ironía e moito humor, e con referencias heteroxéneas, desde a cultura pop até a Biblia. En 2016, a Universidade de Malmö nomeouna doutora *honoris causa*.

David Á. Álvarez Martínez


David A. Álvarez Martínez, nado en Salvaterra, á beira do Miño, medrou cerca do Ulla, na Estrada. Licenciado en Filoloxía Alemá e Inglesa pola USC, exerceu a docencia de linguas estranxeiras en Alemaña, Madrid, Suecia e, nos últimos anos, xa en Galicia na EOI. É socio fundador da Asociación Galega de Xermanistas e actual secretario. Formouse paralelamente cun máster en tradución e conta con varios títulos de ficción traducidos desde o sueco, o noruegués e o alemán.




E chamábanlle



Como lle ón dicir a unha rapaza nun podcast: non me interesa nada kylie, e aínda así non son quen de deixar de mirar para ela a todas as horas de maneira hipnótica.







Hai uns anos espallouse un desafío en internet segundo o cal unha morea de fans tentaban inflar os beizos coma os de kylie.

O reto, chamado #kyliejennerchallenge, consistía en coller un vaso pequeno de chozo ou unha botella e aspirar o ar para que que os beizos inchasen, cousa que levou a que moitas persoas sufrisen lesións, dores ou negróns*.

* *Wikipedia, 20 de abril de 2015*